

PROGRAMACIÓN  
XERAL ANUAL  
DE AUDICIÓN E LINGUAXE  
CRA DE MEIS  
2024-2025

## **- ÍNDICE:**

1. Introducción e contextualización.
2. Actuacións da mestra de apoio específica de audición e linguaxe.
3. Obxectivos.
4. Competencias clave.
5. Contidos.
6. Avaliación.
  - a. Criterios de avaliación
  - b. Procedementos e instrumentos de avaliación
7. Metodoloxía
8. Materiais e recursos
9. Medidas de atención á diversidade.

## **1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN**

Enténdese esta programación como o conxunto de actuacións, medidas organizativas, apoios e reforzos que deseñamos e poñemos en práctica como membros do Departamento de Orientación, para proporcionar ao alumnado a resposta máis axustada ás súas necesidades educativas xerais e particulares, así como prestar asesoramento e apoio ao profesorado e ás familias. Ditas medidas contemplarán a atención ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (N.E.A.E.) e irán encamiñadas a favorecer o desenvolvemento integral, a integración educativa do alumnado e a atención ás necesidades de compensación educativa. Teremos como referentes o P.E do centro así como o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten os ensinos establecidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Durante o presente curso 2024-2025 como mestra de apoio específico de audición e linguaxe desenvolverei as miñas funcións nas sete aulas deste C.R.A: S. Lourenzo, S. Tomé 1, S. Tomé 2, S. Vicente, Paradela, S. Martiño, e O Marco. Todas as escolas pertencen ao concello de Meis.

## **2. ACTUACIÓNS DA MESTRA DE AUDICIÓE LINGUAXE.**

Tendo en conta a lexislación vixente, as funcións da mestra de Audición e Linguaxe como mestra de apoio específico e parte do Departamento de Orientación incluirán:

- Colaborar coa xefa do Departamento de Orientación na avaliación dos alumnos no relativo ás capacidades comunicativo-lingüísticas.
- Elaborar e levar a cabo os programas de intervención que se precisen.

- Medidas que teñan unha finalidade preventiva como a identificación temperá das necesidades educativas do alumnado, coa correspondente valoración, acreditación e resposta educativa.
- Asesorar e colaborar co profesorado na programación de actividades para a prevención e tratamento de dificultades na área da linguaxe.
- Dende o D.O. elaborar orientacións e pautas para as familias.
- Realizar intervencións directas e indirectas con alumnos con dificultades.

### **3. OBXECTIVOS XERAIS.**

- Atender ás demandas de avaliación e intervención que se presenten ao longo do curso.
- Proporcionar unha atención individualizada a cada neno ou nena que precise da actuación da mestra de audición e linguaxe.
- Dotar ao alumnado das ferramentas necesarias para a adquisición e o desenvolvemento máis axeitado da comunicación e a linguaxe.
- Facilitar o desenvolvemento dos elementos prelingüísticos ou bases funcionais da linguaxe oral.
- Favorecer un axeitado desenvolvemento da linguaxe en todas as súas dimensións (fonolóxica, morfosintáctica, semántica e pragmática).
- Fomentar situacións comunicativas e a participación dos nenos e nenas nelas, de xeito natural e satisfactorio.
- Ampliar o vocabulario tanto expresivo como comprensivo dos nenos e as nenas.
- Corrixir as alteracións articulatorias que presente o alumnado.
- Mellorar a estruturación sintáctica adaptándose ao nivel correspondente por idade.
- Detectar precozmente as alteracións da comunicación e a linguaxe.

- Colaborar co profesorado en todo o relacionado co desenvolvemento escolar do alumnado en xeral, e de aquel que presente NEAE en particular.
- Atender e asesorar ao profesorado e ás familias no tocante ás dificultades, particulares e xerais, do alumnado.
- Establecer canles de comunicación e coordinación con axentes externos que interveñen na intervención do alumnado.

#### **4. COMPETENCIAS CLAVE**

Os obxectivos citados encamiñaranse a desenvolver, principalmente, as seguintes competencias básicas:

- Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- Competencia dixital (CD).
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- Competencia cidadá (CC)
- Capacidade para xeneralizar os coñecementos.

#### **5. CONTIDOS.**

Procedentes do Decreto de Currículo de EI: 150/2022 de 8 de setembro

- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas. (Área: coñecemento de si mesmo e autonomía persoal. Bloque 1: O corpo e a propia imaxe)
- Recoñecemento das percepcións sensoriais propioceptivas que proveñen dos propios músculos e articulacións e as percepcións exteroceptivas relacionadas cos campos visuais, auditivos, olfactivos, táctiles, gustativos.
- escoita, fala e conversa (Área: linguaxes: comunicación e representación. Bloque 1. Linguaxe verbal)

Contidos específicos:

· Dimensións da linguaxe: Fonética, fonoloxía, morfosintaxe, semántica, pragmática.

· Atrasos, alteracións e trastornos da linguaxe, da fala e da comunicación.

## **6. AVALIACIÓN.**

### **a. Criterios de avaliación**

- Coordinar e controlar as súas posibilidades motrices: desenvolvemento do ton, da postura e do equilibrio, do control respiratorio.

- Identificar percepcións e sensacións.

- Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións.

- Utilizar a lingua oral segundo as intencións comunicativas. Avaliase a capacidade para expresarse e comunicarse oralmente, con claridade e corrección suficientes, respondendo a diferentes intencións comunicativas.

Valorarase o compoñente pragmático da linguaxe: respectar quendas de intervención, escoitar atentamente, respectar a opinión das demais persoas; Uso de fórmulas e tratamento axeitadas para saudar, despedirse, presentarse, escusarse, solicitar axuda, agradecer...

- Comprender mensaxes orais diversas: mensaxes, relatos, producións literarias, descricións, explicacións, informacións de diferentes emisores. - Interesarse por participar en interaccións orais en rutinas, xogos e situacións habituais de comunicación.

Ademais destes criterios xerais, haberá criterios específicos recollidos en cada un dos programas individuais de intervención.

### **b. Procedementos e instrumentos de avaliación.**

As principais técnicas e fontes de información do proceso de avaliación están constituídas pola observación directa e sistemática, a análise das producións das nenas e dos nenos e as entrevistas cos mestres e mestras que traballan con cada alumno e alumna e coas familias ou titores legais. Tendo en conta os

criterios de avaliación recollidos en cada programa de intervención, realizaremos avaliacións ao final de cada trimestre para rexistrar o grao de consecución dos obxectivos prantexados, que nos permitirán redirixir a intervención se fose necesario. Contamos con instrumentos específicos de avaliación da linguaxe oral coma o “Registro Fonológico Inducido” (M. Monfort), “ELINGA: Exploración da lingua en galego”; “Prueba de Articulación de Fonemas”. (Vallés Arándiga); “los trastornos de la articulación. Exploración, prevención, diagnóstico y tratamiento” (Santos Borregón). Ademais levarase a cabo un rexistro diario individualizado das actividades realizadas e progresos acadados. Avaliaremos tamén, a nosa propia práctica educativa mediante unha análise da efectividade dos distintos compoñentes dos programas de intervención implementados para realizar as modificacións oportunas.

## **7. METODOLOXÍA.**

En xeral procurárase basear a nosa práctica profesional atendendo aos seguintes principios metodolóxicos:

- Establecer unha relación positiva e de confianza cos nenos e as nenas, creando un ambiente relaxado no que se sintan seguros e motivados.
- Achegarnos ao alumnado relaxando as expectativas de xeito que nos permita unha visión obxectiva das necesidades dos nenos e as nenas.
- Ter en conta o principio de flexibilidade para axeitar a educación á diversidade de aptitudes, intereses e necesidades do alumnado en toda a etapa educativa.
- Formular preguntas abertas acerca de determinados feitos ou situacións, que ademais de estimular a linguaxe infantil, promove o diálogo e o intercambio de opinións.
- Evitar centrarse na corrección dos erros, priorizando os acertos.
- Unha aprendizaxe lúdica, activa, significativa, na que o alumno é o protagonista, tendo en conta os seus intereses.
- Usar variedade de recursos materiais para manter a motivación empregando apoios visuais, auditivos, táctiles.

- As actividades serán curtas e variadas para evitar o cansazo do alumnado.
- Graduarase a complexidade das actividades en función dos avances acadados.
- Ter en conta os coñecementos previos e o grao de desenvolvemento inicial dos alumnos así como a zona de desenvolvemento próximo.
- Axustarse ao ritmo de aprendizaxe das/os alumnas/os e ás súas necesidades.
- Motivar ao alumnado potenciando o aumento do seu autoconceito e autoestima sendo a afectividade o fío condutor de toda situación de ensino - aprendizaxe.
- Xeneralizar as aprendizaxes a outros contextos.

## 8. RECURSOS.

- **Recursos materiais:** Todos aqueles dispoñibles na aula de A.L., Departamento de Orientación e do Centro en xeral, como por exemplo: ordenadores, materiais multimedia, tableta, impresora, láminas, etc.

Ademais: Material de elaboración propia para o traballo da conciencia fonolóxica. Caixiñas que conteñen tarxetas de vocabulario con e sen apoio visual para o traballo de aspectos da linguaxe concretos. Lotos fonéticos. Secuencias básicas. Komunica: "Programa para el desarrollo del conocimiento fonológico". Láminas con articulemas. Xogos varios. Programa de Estimulación del Lenguaje Oral en Educación Infantil. Entrenamiento en conciencia fonolóxica. Puzzles. Encaixables. Bonecos e monicreques. Revistas infantís. Pictogramas. Contos con ou sen pictogramas. Utilízase, ademais un ipad con apps axeitadas para a intervención en alteracións e/ou necesidades específicas.

- **Recursos persoais:** Para a consecución dos obxectivos propostos contamos co asesoramento e seguimento da xefa do Departamento de Orientación, coa colaboración das titoras, os especialistas, as familias (ás que se darán pautas en caso necesario) e a coordinación cos gabinetes externos aos que acoden algúns dos nosos alumnos e alumnas.



**- Recursos organizativos:** Reunións coa xefa do DO, e coa coordinadora de ciclo de E.I., mestra especialista de pedagogía terapéutica, coas titoras. Sempre que unha titora ou especialista o solicite ou a mestra de audición e linguaxe considere oportuno reunirse coas titoras ou os demais especialistas co obxectivo de levar a cabo as súas intervencións co alumnado da maneira máis axeitada.

## **9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

A intervención educativa debe recoller como principio a diversidade do alumnado, adaptando a práctica educativa ás características persoais, necesidades, intereses e estilo cognitivo dos nenos, dada a importancia que nestas idades adquiren o ritmo e o proceso de maduración. Ao final do curso anterior dende o Departamento de Orientación realízase unha previsión de alumnado con necesidades, en función dos resultados da intervención.

Ao comezo deste curso realizarase unha avaliación inicial, que pode facer variar dita previsión. Ademais os alumnos e alumnas de nova incorporación poden presentar tamén necesidades educativas, que se atenderán.

Levaranse a cabo as avaliacións e intervencións necesarias para abordar a atención ao alumnado que presente necesidade de intervención da mestra de apoio específico de audición e linguaxe. Esta intervención terá lugar de xeito preferente na aula do alumno ou alumna, aínda que se recolle a posibilidade de atendelo fóra da mesma cando a situación ou as necesidades do alumno ou alumna así o requiran (especialmente en dificultades fonolóxicas ou de audición).

Ó longo deste curso levarase a cabo unha atención ó alumnado que presenta diversas dificultades na área da comunicación e da linguaxe.

O alumnado terá unha atención individualizada e ou grupal, en sesións de 25 a 50 minutos. A acción educativa terá sempre presente os principios de normalización e inclusión educativa. A programación contempla tanto as necesidades educativas xa identificadas como as novas.

Hai que sinalar que o número de alumnos atendidos con apoios específicos de audición e linguaxe poderá sufrir diversas modificacións en función da detección de novas necesidades e das altas que poidan xurdir.

Atenderase só nenos/as que veñan remitidos dende o Departamento de Orientación.

Son obxecto de avaliación inicial todos aqueles alumnos/as que recibiron apoio de Audición e Linguaxe no curso anterior e que precisan a continuación de dito apoio. Avaliamos a todos aqueles nenos/as que se incorporan novos ao centro con NEE, que precisan continuar apoios recibidos no centro de procedencia, etc.

A mestra de audición e linguaxe:

Silvia Alba González Hermida